



2010

INFORME COAG: EVOLUCIÓN DO VISADO E
ESTADO URBANÍSTICO DAS
COMARCAS E CONCELLOS
DE GALICIA



INFORME DIXITAL: 2S2010

**EVOLUCIÓN DO VISADO DE PROXECTOS DO
COLEXIO DE ARQUITECTOS DE GALICIA E ESTADO
URBANÍSTICO DAS COMARCAS E CONCELLOS DE
GALICIA NO SEGUNDO SEMESTRE DO 2010 E
ACUMULADO ANTERIOR.**



Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

Xunta de Goberno

Decano / Presidente

Celestino García Braña

Tesoureiro – Contador

J. Antonio González González

Secretario

Alfredo González Cascallana

Presidentes

-Delegación de A Coruña

Manuel de la Iglesia

-Delegación de Ferrol

María Fernández Lemos

-Delegación de Lugo

Alberte González Rodríguez

-Delegación de Ourense

X. Xosé Rodríguez González

-Delegación de Pontevedra

María José Fariña Busto

-Delegación de Santiago

Jorge Duarte Vázquez / Pte. Área de Visado

-Delegación de Vigo

Salvador Fragas Vigo

Vogais

-Vogal / Pte. Área de Cultura

Alfredo Díaz Grande.

-Vogal / Pte. Área de Planeamento

Cesar Coll Nuez

-Vogal A Coruña

Vicente Peláez Sanz

-Vogal Vigo

Mariano de Labra Morán

Redactores

Eva Alfonso Alonso

Elías Cueto Álvarez

Roberto Pardo Barro

Elvira Paz Sangiao

Arq. Web de Información Urbanística de Galicia.

Coordinadores

Alberto Escobar Molinero.

Arq. coordinador técnico.

Alfredo González Cascallana.

Arq. secretario da Xunta de Goberno.

Colaboradores

Antonio Freire Romero, Alejandro Ucha Dolz del Castellar, Rocío Pérez Lamas.

-Arqs. visado Coruña

Cristina López Eimil.

-Arq. visado Lugo

Andrés Vaquero Pampín.

-Arq. visado Ourense

Paula Rivera Lamata.

-Arq. visado Pontevedra

Elena Clavería Fontán

-Arq. visado Santiago de Compostela

Enrique Urdiales de Santiago.

J. Angel de la Puente Fernández

-Arq. visado Vigo

Victor Pérez López Gamarra.

-Arq. visado Ferrol

M. Anxo de la Cruz Blanco

-Servizo de Informática



ÍNDICE

1. COMENTARIOS XERÁIS

- 1.1. MARCO ECONÓMICO XERAL
- 1.2. VIVENDAS VISADAS
- 1.3. COMPARATIVA CO ACONTECIDO NO RESTO DE ESPAÑA. COMENTARIO AO INFORME DO CENTRO DE ESTUDOS DO CSCAE. 2º TRIMESTRE DE 2010
- 1.4. NOVAS TÉCNICAS E NORMATIVAS APARECIDAS NO 2º SEMESTRE DO 2010
- 1.5. ACTIVIDADE URBANÍSTICA
- 1.6. RESUMO XERAL
- 1.7. HISTORICO DE VIVENDAS VISADAS

2. PLANO

ESTADO ACTUAL DO PLANEAMENTO

3. ESTATÍSTICAS PORMENORIZADAS

A CORUÑA
LUGO
OURENSE
PONTEVEDRA

4. ANEXO

OBTENCIÓN E PROCEDENCIA DOS DATOS


COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA
INFORME DIXITAL: SEGUNDO SEMESTRE 2010 E ACUMULADO ANTERIOR

1. COMENTARIOS XERÁIS

1.1. Marco Económico Xeral

O segundo semestre do ano 2010 continúa amosando a tendencia dos últimos dous anos, en canto ao estado xeral da economía española, que non albisca síntomas de recuperación económica a curto prazo. Non parece que o paquetes de medidas económicas postas en marcha polo executivo estatal serviran para cambiar o rumbo da nosa economía, máis aló do necesario axuste no gasto orzamentario.

Número de Parados Inscritos nas Oficinas de Emprego
datos ata 4º Trimestre 2010 (fonte: INE - IGE)




Tras unha breve baixada no número de parados no terceiro trimestre de 2010, o paro alcanza máximos históricos situándose preto dos catro millóns setecentos mil cidadáns, o que representa o 116% de suba respecto do primeiro trimestre de 2008. En Galicia esta porcentaxe sube ao redor 45%, para situarse preto dos trescentos mil parados (o 6% do total estatal).


Así, mentres a taxa de paro nos países encadrados na zona euro se sitúa na contorna do 10%, a nivel estatal o paro rexistrado alcanza case os 21 puntos porcentuais¹. A comparación cos países máis industrializados, con taxas que en ningún caso superan o 10%, tamén amosa resultados negativos.

¹ Fonte: Anuario Banco de España.

TASAS DE PARO




TASAS DE PARO




FUENTE: OCDE.

Ante esta situación, cabe decir que a situación salarial en España non se recupera, decrecendo o número de contratos indefinidos, por unha banda; e aumentando o número de parados de longa duración, por outra, o que repercute nunha complicada saída da recesión económica na que nos achamos.

ASALARIADOS
Tasas de variación interanual




PARADOS
Tasa de paro



FUENTE: INE (Encuesta de Población Activa. Metodología EPA-2005).

a. Desde el primer trimestre de 2001 en adelante reflejan la nueva definición de parado, que implica una ruptura en las series. (Véase www.ine.es)
 Nota general a los cuadros de la EPA: Como consecuencia del cambio en la base poblacional (Censo 2001), se han revisado todas las series que figuran en este cuadro, a partir del año 1996. Adicionalmente, desde el 1.º trimestre de 2005, se han incorporado las nuevas variables obligatorias a que se refiere el Reglamento (CE) 2257/2003 (sobre adaptación de lista de características de la EPA), se ha implantado un procedimiento centralizado para las entrevistas telefónicas y se ha modificado el cuestionario. Por tanto, en el 1.º trimestre de 2005, se produce una ruptura en las series de algunas variables. Para más información, véase www.ine.es.


Un dato que aporta un certo optimismo nos ambientes mercantís é a recuperación do índice de confianza nos consumidores, que sen chegar a ser todo o positivo que se esperaba, estamos a indicar unha tímida recuperación dos movementos comerciais.




FUENTES: Comisión de la UE (European Economy. Supplement B), INE, DGT, ANFAC y BCE.
a. Hasta abril 2010, CNAE 1993; desde mayo 2010, CNAE 2009.
b. Índice corregido de efecto calendario.

No caso específico da construción, compre sinalar o desfase existente entre o número de visados colexiais e o número de licencias outorgadas pola Administración. Así, o nivel real da construción en España segue a estar marcado por mínimos históricos, en gran parte debido ao stock de vivendas existentes no mercado.

INDICADORES DE LA CONSTRUCCIÓN
(Tendencia obtenida con TRAMO-SEATS)



INDICADORES DE LA CONSTRUCCIÓN
(Tendencia obtenida con TRAMO-SEATS)




FUENTES: Ministerio de Fomento y Asociación de Fabricantes de Cemento de España.
Nota: Las series de base de este indicador figuran en el Boletín Estadístico del Banco de España, capítulo 23, cuadros 7, 8 y 9.

COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA
INFORME DIXITAL: SEGUNDO SEMESTRE 2010 E ACUMULADO ANTERIOR

1.2. Vivendas visadas no segundo semestre do 2010 e acumulado anterior


A situación do visado colexial de vivenda a nivel autonómico ten descendido a valores históricos na década, e temos que remontarnos á década dos 1960 para atopar rexistros comparables². A comparación atinxe tanto a valores mensuais, coma semestrais ou anuais, unicamente a aparición de nova normativa aparece coma revulsivo para que se incremente puntualmente o número de expedientes, traducidos nos meses posteriores nunha sensible baixada.



Evolución do visado de vivendas. Datos mensuais dos anos 2008, 2009 e 2010

A entrada do Decreto 29/2010 en abril (Normas de Habitabilidade en Galicia) supuxo unha suba puntual do número de visados que, unha vez superado o mes, continuou a baixa sostida. O incremento do IVE, que pasou do 16% ao 18%, non parece que supuxera unha traba engadida á falta de liquidez nos mercados, cunha gráfica que amosa valores sostidos de caída xeneralizada. Non obstante, debemos puntualizar que este incremento, que grava o consumo, puido servir de freo na posta en marcha de promocións con balances de rendemento moi axustados, que esperan a definitiva recuperación dos mercados.


² Fonte: La Voz de Galicia, 01.03.2011; Los visados de obra nueva caen en Galicia un 92% desde 2006.



Evolución do visado de vivendas. Datos semestrais dos anos 2008, 2009 e 2010


A situación semestral non deixa de marcar unha tendencia negativa, con preto de 800 vivendas menos visadas que no semestre anterior, que deixa o valor en 2.005 novos expedientes. O montante total de vivendas para o ano 2010 se sitúa en 4.805 visados, un 10% do que se construía en 2006.

A distancia temporal invita xa a obter certas conclusións respecto á existencia da sobredimensión do feito residencial. Non parece razoable, que o volume acadado no período central da década poida ser alcanzado nos seguintes anos. Todo indica á existencia dun período de mínimos cunha difícil prognose temporal, que virá seguido dunha leve recuperación para situarse en valores medios.



Evolución do visado de vivendas. Datos anuais 2000-2010.

Número de Viviendas Visadas 2000-2010 (Variación mensual)




Evolución do visado de vivendas. Datos mensuais 2000-2010.

Os datos da economía global, cunha incesante escalada de prezos no cru, que repercute no resto de bens de consumo; a normativa urbanística e sobre todo técnica, con exixencias cada vez máis profusas a prol do aforro enerxético, invitan a reflexionar sobre o estado da profesión e os retos que se aproximan nun futuro non tan afastado.

En canto á **vivenda sometida a algún réxime de protección pública**, o segundo semestre veu salientar a perda de peso neste sector, cunha baixada sostida no tempo sen un claro síntoma de recuperación. Se o ano 2008 veu significar un refuxio respecto á caída na vivenda libre, os anos posteriores reflicten o contaxio no derrubo dos números globais.


Vivenda Sometida a Protección. 2008 - 2010 (variación mensual)



Evolución do visado de vivendas protexidas. Datos mensuais dos anos 2008, 2009 e 2010.

Os valores mensuais son os máis baixos da década, con porcentaxes que en ningún caso superan o 3% do total de vivendas visadas. Así, por semestre, a porcentaxe se sitúa na máis baixa da década cun 4,09%.


Vivenda Sometida a Protección. 2008 - 2010 (variación semestral)



Evolución do visado de vivendas protexidas. Datos semestrais dos anos 2008, 2009 e 2010.

En ningún caso podemos falar de refuxio da vivenda libre, corrixindo os datos do semestre anterior que si apuntaban a esta tendencia. No contexto actual, resulta interesante botar unha ollada aos valores anuais de principio da década, con porcentaxes que roldaban o 10% e cabe preguntarnos os resultados da aplicación das leis urbanísticas da época.


Vivenda Sometida a Protección. 2000 - 2010



Evolución do visado de vivendas protexidas. Datos anuais 2000-2010.

No referido á actividade de rehabilitación de vivendas, os datos son especialmente elocuentes. Achámonos nun sector en clara subida, con porcentaxes mensuais que non baixan do 14%. O número de vivendas que entran neste tipo, non só se manteñen respecto a anos anteriores, senón que experimentan lixeiras subas que inciden directamente nas porcentaxes analizadas. É de esperar que a inxente normativa sobre temas medio ambientais apuntalen este sector en auxe.


Vivenda Rehabilitada. 2008 - 2010 (variación mensual)



Evolución do visado de obras de rehabilitación. Datos mensuais dos anos 2008, 2009 e 2010.

As medidas que dende o goberno foron tomadas dende o segundo semestre de 2009 para incentivar a rehabilitación de vivendas foron recollidas polas empresas construtoras para reorientar o negocio. Así o sinalan tanto os datos semestrais coma anuais, con subas porcentuais xeneralizadas respecto á vivenda visada na súa totalidade.


Vivenda Rehabilitada. 2008 - 2010 (variación semestral)



Evolución do visado de obras de rehabilitación. Datos semestrais dos anos 2008, 2009 e 2010.

Arestora é posible falar dun nicho de mercado que alcanza o 25% da produción de vivenda visada en Galicia. Valor que, segundo o ritmo marcado pola vivenda nova, pode seguir medrando no seguinte ano para seguir acadando valores históricos nesta comunidade. O feito traspasa a barreira edilicia para se converter nun elemento que arrastra a rehabilitacións de zonas urbanas das nosas cidades, posibilitando a revitalización dos cascos e a entrada de novas actividades que redundan no mellor aproveitamento dos asentamentos.


Vivenda Rehabilitada. 2000 - 2010 (variación anual)



Evolución do visado de obras de rehabilitación. Datos anuais 2000-2010.

Se nos achegamos ao **visado da vivenda colectiva**³ compe salientar o continuado decrecemento das promocións de vivenda colectiva, malia o aumento na venda de vivenda experimentado para o ano 2010 (La Voz de Galicia, 11.02.2011). Resulta significativo o pasado mes de outubro cun total de 56 vivendas colectivas visadas dun total de 260, o que supón unha porcentaxe do 21% respecto ao total de vivendas.


Vivenda Colectiva. 2008 - 2010 (variación mensual)



Evolución do visado da vivenda colectiva. Datos mensuais dos anos 2008, 2009 e 2010.


A baixada semestral resulta significativa, pois se pasa de 1.374 vivendas visadas a 705, o que supón un decrecemento do 48%. As porcentaxes respecto á vivenda unifamiliar acadan valores mínimos históricos situándose nos 35 puntos porcentuais.

³ Exclúese deste estudo as vivendas colectivas tipificadas no apartado de Outros (residencias, albergues, etc) cun xuro de mercado do 5-6%.



Evolución do visado da vivenda colectiva. Datos semestrais dos anos 2008, 2009 e 2010.

Acaba o ano 2010 cunha porcentaxe de vivenda colectiva inferior ao 50%, fito histórico na nosa comunidade no que respecta a primeira década do século XXI, cun total de 2.079 vivenda colectivas visadas fronte ao valor global de 4.805 xa comentado.




Evolución do visado da vivenda colectiva. Datos anuais 2000- 2010.

Pola súa banda, **A vivenda unifamiliar** continúa a súa remontada fronte á vivenda colectiva, menos convulsionada polas fluctuacións mercantís. A tendencia á alza só se viu interrompida pola entrada en vigor da NHG en abril de 2010, normativa que incide máis directamente sobre a vivenda colectiva. Os últimos valores mensuais rexistrados, novembro e decembro de 2010, invitan a pensar nunha ralentización na produción desta tipoloxía.

Con todo, existe unha caída en valores absolutos respecto dos anos precedentes, que superaban as 6.000 vivendas unifamiliares (2000-2007), fronte as 2.737 de 2009 ou as 2.520 do ano 2010.


Vivenda Unifamiliar. 2008-2010 (variación mensual)



Evolución do visado da vivenda unifamiliar. Datos mensuais dos anos 2008, 2009 e 2010.

O segundo semestre de 2010 rexistrou valores porcentuais históricos respecto da vivenda unifamiliar que se situou nun 62% do total de vivendas visadas, malia a lixeira baixada en números absolutos respecto do primeiro semestre do mesmo ano con 1.245 vivendas unifamiliares visadas.


Vivenda Unifamiliar. 2008-2010 (variación semestral)



Evolución do visado da vivenda unifamiliar. Datos semestrais dos anos 2008, 2009 e 2010.

Os datos anuais, contabilizados para toda a década, reflicten esta tendencia con maior rotundidade, xa que ao afondamento da promoción de vivenda colectiva, a vivenda unifamiliar resistiu con maior fortuna os embates do mercado. Os valores porcentuais non fan máis que rubricar esta suba que se sitúa no 52% para todo o ano 2010.


Vivenda Unifamiliar. 2000 - 2010 (variación anual)



Evolución do visado da vivenda unifamiliar. Datos anuais 2000-2010.

Para terminar este estudo da evolución do visado colexial, faremos unha breve reflexión sobre a obtención do **certificado final de obra** que é a condición legal necesaria para obter por parte do concello a licenza de primeira ocupación das vivendas construídas. A vista do gráfico, parece que a obtención do certificado final de obra é allea ao procedemento de visado e que estes dous indicadores non son directamente comparables. Porén si podemos observar como se ten producido unha ralentización na finalización das obras, con visado posterior a 2006.

Vivendas con Certificado Final de Obra. 2000 - 2010 (variación anual)




Evolución do Certificado Final de Obra. Datos anuais 2005-2010

Non podería ser doutra forma, xa que existe un desfase temporal entre a obtención do visado colexial e o momento no que se acredita o fin dos traballos. Sen embargo, compróbase unha tendencia a prolongar as obras, ben sexa pola falta de liquidez, ou pola ausencia de compradores⁴, que repercute na finalización das mesmas, ademais da lóxica tradución á baixa do número de vivendas acabadas, por non se ter proxectado con anterioridade debido á crise, esgotándose en períodos anteriores o parque construído que se estaba a acometer.

⁴ O número de vivendas vendidas durante o ano 2010 foi superior ao ano anterior (La Voz de Galicia, 21.02.2011 e 08.03.2011).

1.3. Comparativa co acontecido no resto de España. Comentarios ao informe do Centro de Estudos do CSCAE. 3º Trimestre de 2010.




Comparativa de visado de vivienda de nova planta. Terceiro trimestre 2009-2010.
Fonte: Estadística de la Edificación. 4º Trimestre 2010. CSCAE.

A gráfica superior, e a seguinte recollen os datos intertrimestrais e anuais respectivamente. Nelas, podemos observar as columnas, que fan referencia ao volume total por Comunidades dos valores de referencia tanto para o terceiro trimestre de 2009 e 2010 coma para os dato anuais de 2008 e 2009. Asemade, engádese a porcentaxe de variación entre cada unha das columnas, que subliña o descenso relativo acontecido na maior parte das Comunidades Autónomas.

O informe do **Consejo Superior de Arquitectos de España** contempla un panorama estatal de continuidade co amosado no período interanual anterior, onde Extremadura, Madrid, Murcia, Navarra e A Rioxa son as comunidades que experimentaron subas respecto ao mesmo período trimestral (xullo, agosto, setembro) de 2009.


No lado máis agresivo dos desplomes na construción, atópanse as Illas Canarias, Andalucía e sobre todo Cataluña, que no estudo anterior reflectía un saldo positivo. As Comunidades que seguen a liderar o mercado da construción, neses tres meses de referencia, son Andalucía, Madrid e Cataluña, seguidas polas dúas Castelas, en órbita co escenario madrileño (López de Lucio, 2004) e o País Vasco.



Comparativa de visado de vivienda de nova planta. Evolución anual 2009-2010.
 Fonte: Estadística de la Edificación. 1º Trimestre 2010. CSCAE.

En canto á evolución interanual compre salientar o descenso xeneralizado dos niveis construtivos, especialmente intensos nas Canarias ou na Comunidade Valenciana con descensos que rozan o 80%. Galicia que chegou a ocupar o quinto posto para os datos de 2008, ten descendido ata o oitavo lugar da lista. En efecto, a evolución interanual, deixa a Galicia nun oitavo lugar, ocupado xa no ano anterior, e liderado polas comunidades de Andalucía, Cataluña e Madrid.

Evolución interanual 2009-2010



Comparativa de visado de vivienda de nova planta. Evolución anual 2009-2010.
 Fonte: Estadística de la Edificación. 3º Trimestre 2010. CSCAE.

1.4. Novas técnicas e normativas aparecidas no segundo semestre do 2010

Na metade da lexislatura cumprido compre salientar a **reforma da estrutura de consellerías da Xunta de Galicia** coa unificación das Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes; a Consellería de Vivenda e Solo e máis a Consellería de Medio Ambiente para formar a Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas (CMATI) baixo a dirección de Agustín Hernández, se crea a **Secretaría Xeral de Urbanismo**. Esta unión, na que volve a parecer o Instituto Galego de Vivenda e Solo como órgano dependente da CMATI, fixo posible unir esforzos para conseguir simplificar a profusión de informes sectoriais e lograr unha economía de medios, redundando na liña de austeridade nos orzamentos da Consellería.

En materia de **lexislación do solo**, o 2010 está marcado pola ausencia de novas normas de carácter global, sen embargo oo longo deste ano aprobáronse tres Leis que modificaron a 9/2002 (2/2010, 6/2010 e 15/2010). O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia facilita o acceso ao texto consolidado da normativa urbanística galega no enderezo: "<http://blogdeplaneamento.coag.es/?p=267>". Non obstante, nos primeiros días do mes de xullo de 2009 fíxose pública a vontade do novo goberno de reformar en profundidade a Lei do solo galega co gallo de facer máis rápida e doada as tramitacións e xestións administrativas. O borrador da modificación foi entregado, entre outros, ao COAG por parte da Secretaría Xeral de Urbanismo para o seu estudo aprobándose segundo a citada Lei 2/2010 a finais de marzo de 2010.

A Orde do 14 de maio de 2009 prorroga a Lei 6/2007 de 11 de maio (Lei de Protección do Litoral), ampliando nun ano o prazo do que dispón a administración autonómica para aprobar o Plan Sectorial de **Ordenación do Litoral**. Complementariamente e segundo os criterios propios da administración autonómica orientados a unha máxima seguridade xurídica na tramitación do citado Plan Sectorial, elabórase a resolución do 8 de maio de 2009 pola que se fai público o acordo de inicio do procedemento de elaboración do mesmo, contando dous anos para a súa finalización. A primeiros de maio de 2010 acordouse publicar a orde autonómica pola que se mantén a suspensión ata que se produza a aprobación inicial do devandito plan.

Asemade, a finais de xuño de 2010, apróbanse inicialmente as **Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia**, establecéndose un período de exposición ao público de dous meses. Xa a principios do ano 2011 tanto as **DOT** coma o **Plan de Ordenación do Litoral (POL)** han recibir a aprobación definitiva tal e como sinalan os Decretos 19/2011 e 20/2011 do 10 de febreiro, respectivamente.

En aspectos de prestacións dos servizos colexiais, neste ano se produciu a entrada en vigor das seguintes normativas que inciden na práctica urbanística cotiá. Recordamos que todas elas se poden consultar na páxina web do colexio, no apartado de normativa: <http://www.coag.es/normativa/gl/default.asp>

a. Urbanísticas:

- Lei 2/2010. Medidas Urxentes de Modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural De Galicia. 25/3/2010. (DOG 31/3/2010).

- Lei 6/2010. Modifica o Texto Refundido de la Ley De Evaluación De Impacto Ambiental De Proyectos, Aprobado por el Real Decreto Legislativo 1/2008, De 11 de enero 24/3/2010. (BOE 25/3/2010).
- Lei 15/2010 de Medidas Urgentes. Modificación da LOUGA. (DOG 30/12/2010).
- Decreto 29/2010. APROBA AS NORMAS DE HABITABILIDADE DE VIVENDAS DE GALICIA Aprobación. 4/3/2010. Publicación 18/3/2010 DOG

b. Técnicas:

- Orden 23/12/2010. MODIFICA A ORDE DO 3 DE SETEMBRO DE 2009, POLA QUE SE DESENVOLVE O PROCEDEMENTO, A ORGANIZACIÓN E O FUNCIONAMENTO DO REXISTRO DE CERTIFICADOS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA DE EDIFICIOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA Aprobación. 23/12/2010. Publicación 11/1/2011 DOG
- Instrucción 6/2010. PARA QUE AS INSTALACIÓNS QUE EMPREGAN BOMBAS DE CALOR XEOTÉRMICAS PARA A PRODUCCIÓN DE CALEFACCIÓN, AUGA QUENTE SANITARIA E/OU REFRIXERACIÓN POIDAN SER CONSIDERADAS COMO INSTALACIÓNS QUE EMPREGAN FONTES DE ENERXÍA RENOVABLES Aprobación. 20/9/2010. Publicación 22/10/2010 DOG
- Real Decreto 1000/2010 VISADO COLEGIAL OBLIGATORIO Aprobación. 5/8/2010. Publicación 6/8/2010 BOE
- Ley 34/2010 MODIFICA LAS LEYES 30/2007, DE 30 DE OCTUBRE, DE CONTRATOS DEL SECTOR PÚBLICO, 31/2007, DE 30 DE OCTUBRE, SOBRE PROCEDIMIENTOS DE CONTRATACIÓN EN LOS SECTORES DEL AGUA, LA ENERGÍA, LOS TRANSPORTES Y LOS SERVICIOS POSTALES, Y 29/1998, DE 13 DE JULIO, REGULADORA DE LA JURISDICCIÓN CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA PARA ADAPTACIÓN A LA NORMATIVA COMUNITARIA DE LAS DOS PRIMERAS Aprobación. 5/8/2010. Publicación 9/8/2010 BOE
- Directiva 2010/31/UE RELATIVA A LA EFICIENCIA ENERGÉTICA DE LOS EDIFICIOS (REFUNDICIÓN) Aprobación. 19/5/2010. Publicación 18/6/2010 DOCE
- Orden TIN/1071/2010. SOBRE LOS REQUISITOS Y DATOS QUE DEBEN REUNIR LAS COMUNICACIONES DE APERTURA O DE REANUDACIÓN DE ACTIVIDADES EN LOS CENTROS DE TRABAJO Aprobación. 27/4/2010. Publicación 1/5/2010 BOE
- Real Decreto 410/2010. DESARROLLA LOS REQUISITOS EXIGIBLES A LAS ENTIDADES DE CONTROL DE CALIDAD DE LA EDIFICACIÓN Y A LOS LABORATORIOS DE ENSAYOS PARA EL CONTROL DE CALIDAD DE LA EDIFICACIÓN, PARA EL EJERCICIO DE SU ACTIVIDAD Aprobación. 31/3/2010. Publicación 22/4/2010 BOE
- Real Decreto 337/2010. MODIFICA EL REAL DECRETO 39/1997, DE 17 DE ENERO, POR EL QUE SE APRUEBA EL REGLAMENTO DE LOS SERVICIOS DE PREVENCIÓN; EL REAL DECRETO 1109/2007, DE 24 DE AGOSTO, POR EL QUE SE DESARROLLA LA LEY 32/2006, DE 18 DE OCTUBRE, REGULADORA DE LA SUBCONTRATACIÓN EN EL SECTOR DE LA CONSTRUCCIÓN Y EL REAL DECRETO 1627/1997, DE 24 DE OCTUBRE, POR EL QUE SE ESTABLECEN DISPOSICIONES MÍNIMAS DE SEGURIDAD Y SALUD EN OBRAS DE CONSTRUCCIÓN Aprobación. 19/3/2010. Publicación 23/3/2010 BOE
- Real Decreto 338/2010. MODIFICA EL REGLAMENTO DE LA INFRAESTRUCTURA PARA LA CALIDAD Y SEGURIDAD INDUSTRIAL, APROBADO POR EL REAL DECRETO 2200/1995, DE 28 DE DICIEMBRE Aprobación. 19/3/2010. Publicación 7/4/2010 BOE

- Real Decreto 244/2010. APRUEBA EL REGLAMENTO REGULADOR DE LA ACTIVIDAD DE INSTALACIÓN Y MANTENIMIENTO DE EQUIPOS Y SISTEMAS DE TELECOMUNICACIÓN Aprobación. 5/3/2010 . Publicación 24/3/2010 BOE
- Orden 24/02/2010. REGULA A APLICACIÓN, NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, DO REGULAMENTO DE INSTALACIÓNS TÉRMICAS NOS EDIFICIOS APROBADO POLO REAL DECRETO 1027/2007, DO 20 DE XULLO Aprobación. 24/2/2010. Publicación 18/3/2010 DOG
- Real Decreto 173/2010. MODIFICA EL CÓDIGO TÉCNICO DE LA EDIFICACIÓN, APROBADO POR EL REAL DECRETO 314/2006, DE 17 DE MARZO, EN MATERIA DE ACCESIBILIDAD Y NO DISCRIMINACIÓN DE LAS PERSONAS CON DISCAPACIDAD Aprobación. 19/2/2010. Publicación 11/3/2010 BOE
- Orden ITC/313/2010. SE ADOPTA LA ESPECIFICACIÓN TÉCNICA ETSI TS 101 671 "INTERCEPTACIÓN LEGAL (LI), INTERFAZ DE TRASPASO PARA LA INTERCEPTACIÓN LEGAL DEL TRÁFICO DE TELECOMUNICACIONES" Aprobación. 12/2/2010. Publicación 18/2/2010 BOE
- Real Decreto 132/2010. ESTABLECE LOS REQUISITOS MÍNIMOS DE LOS CENTROS QUE IMPARTAN LAS ENSEÑANZAS DEL SEGUNDO CICLO DE LA EDUCACIÓN INFANTIL, LA EDUCACIÓN PRIMARIA Y LA EDUCACIÓN SECUNDARIA. Aprobación. 12/2/2010. Publicación 12/3/2010 BOE
- Ley 1/2010. MODIFICACIÓN DE DIVERSAS LEIS DE GALICIA PARA A SÚA ADAPTACIÓN Á DIRECTIVA 2006/123/CE DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO, DO 12 DE DECEMBRO DE 2006, RELATIVA AOS SERVIZOS NO MERCADO INTERIOR Aprobación. 11/2/2010 23/2/2010 DOG
- Real Decreto 104/2010. REGULA LA PUESTA EN MARCHA DEL SUMINISTRO DE ÚLTIMO RECURSO EN EL SECTOR DEL GAS NATURAL Aprobación. 5/2/2010. Publicación 26/2/2010 BOE
- Orden VIV/561/2010. DESARROLLA EL DOCUMENTO TÉCNICO DE CONDICIONES BÁSICAS DE ACCESIBILIDAD Y NO DISCRIMINACIÓN PARA EL ACCESO Y UTILIZACIÓN DE LOS ESPACIOS PÚBLICOS URBANIZADOS. Aprobación 1/2/2010. Publicación 11/03/2010 BOE

1.5. Actividade urbanística no segundo semestre do 2010

(datos proporcionados pola Secretaría Xeral de urbanismo da Xunta de Galicia)

A. PLANEAMENTO XERAL :

a. Adxudicacións

- PXOM de Ribeira (DOG 25/01/2010) Fernandez Carballada Asociados SL

b. Avance de Planeamento

- PXOM de Nigrán (DOG 09/04/2010)

c. Aprobación Avaliación Ambiental Estratéxica o Inecesariedade do Mesmo

- PXOM de Sarreaus (DOG 09/04/2010)
- PXOM de Xove (DOG 25/01/2010)
- PXOM de Cenlle (DOG 25/01/2010)
- PXOM de Xunqueira de Espadañedo (DOG 09/02/2010)
- PXOM de Láncara (DOG 14/04/2010)
- PXOM de Corgo (DOG 15/04/2010)
- PXOM de Beade (DOG 04/05/2010)
- PXOM de Irixoa (DOG 12/05/2010)
- PXOM de Marín (DOG 19/05/2010)

d. Aprobación Inicial (IPAI. Art. 85 LOUGA)

- PXOM de Parada de Sil (DOG 11/01/2010)
- PXOM de O Rosal (DOG 20/01/2010)
- PXOM de Cerdedo (DOG 21/01/2010)
- PXOM de Cortegada (DOG 27/01/2010)
- PXOM de As Nogais (DOG 08/03/2010)
- PXOM de Leiro (DOG 11/03/2010)
- PXOM de Trasmiras (DOG 16/04/2010)
- PXOM de Castrelo de Miño (DOG 19/04/2010)
- PXOM de Oímbra (DOG 26/04/2010)
- PXOM de Larouco (DOG 30/04/2010)
- PXOM de Verín (DOG 30/05/2010)
- PXOM de Castrelo de Rei (DOG 31/05/2010)
- PXOM de Muras (DOG 31/05/2010)
- PXOM de Os Blancos (DOG 03/06/2010)
- PXOM de Verea (DOG 03/06/2010)

- PXOM de Gome sende (DOG 04/06/2010)
- PXOM de Abegondo (DOG 18/11/2010)
- PXOM de Mesía (DOG 20/12/2010)

e. Aprobación Definitiva (AD orden segundo art. 85.5a LOUGA):

